

SAÍR [vir]

venres 29 de outubro, 20h.

MARCO, Vigo

SAÍR [vir] é unha performance concebida e deseñada pola artista sonora e visual Yana Shliabanska (UCRANIA) para o panóptico superior do MARCO en Vigo. Activarase en estrea mundial o venres 29 ás 20h. Tres instrumentos melódicos para evocar a historia dos tres heroes ucráinos, homes anónimos, que se mergullaron baixo o reactor nuclear despois da explosión de Chernobyl (Ucráina, 1986) para abrir as válvulas e liberar auga radioactiva. Cecabes nin sequera se percataran da importancia e perigo da súa misión: seguían ordes.

A OBRA

SAÍR [vir]

Despois da explosión da central nuclear, houbo unha ameaza dunha segunda explosión, que podería ocorrer se o corium (material similar á lava que aparece no núcleo dun reactor nuclear durante un accidente de fisión) entrase en contacto coa auga da piscina de refrixeración inferior. Foi necesario drenar a auga da piscina abrindo as válvulas. Pero só se podía chegar alí a través de pasaxes subterráneas, moi probablemente, xa inundadas de auga radioactiva. A explosión, segundo os cálculos dos físicos soviéticos, faría que o combustible se evaporase nos outros tres reactores, arrasando 200 quilómetros cadrados ata o chan, destruindo Kiev, e contaminando o sistema de abastecemento de auga utilizado por 30 millóns de habitantes, facendo do norte de Ucraína inhabitable para máis dun século. Os mergulladores conseguiron evitalo.

Na peza vemos tres instrumentos que representan a tres persoas mergullándose. Afondamos no seu intento de busca despois da explosión con dúas opcións de resultado: unha verdadeira explosión (con son) e unha suposta (xestualidade muda que imita a explosión). Este xogo de probar repítese de novo ata atopar a válvula correcta: a saída. No proceso de procura dunha “saída”, os músicos ocupan diferentes posicións no espazo. Entón atopámonos dentro dunha poza de auga radioactiva, o postludio, cunha textura sonora continua tra la cal só aparecen rastros, que suxiren que todo isto xa está na memoria, coma un soño.

Yana Shliabanska

A COMPOSITORA

Yana Shliabanska (Kiev, 1994)

Compositora e artista sonora ucráina. Estudou composición musical na Academia Nacional de Música Tchaikovsky (Kiev, Ucraína). Activa nos eidos da música de cámara, a música orquestral, a arte sonora interactiva, a música para teatro, a música electroacústica e a interpretación. Emprega habitualmente partituras gráficas para desenvolver o seu pensamento musical. A súa música foi interpretada en Ucraína, Alemaña, Austria, Estados Unidos, Polonia, Portugal e República Checa. É cofundadora do dúo electroacústico GUMA co que fai música electrónica en directo de forma independente e como parte de proxectos interdisciplinares.

VINDEIROS CONCERTOS

sábado 30 de outubro, 20h.

CONCATEDRAL DE SANTA MARÍA DE VIGO,

Vigo

NOITES BRANCAS

domingo 31 de outubro, 19h.

AUDITORIO MARTÍN CÓDAX, Vigo

TEMPO EXPOSTO E...